



# CONCELLO DE IRIXOA (A CORUÑA)

## ACTA DA SESIÓN ORDINARIA Nº 6/2021 DO PLENO REALIZADA O DÍA 29-9-2021

Na casa consistorial do Concello de Irixoa (A Coruña), sendo as trece horas e seis minutos do día vinte e nove de setembro de dous mil vinte e un reúnense, en primeira convocatoria, os membros do Pleno da corporación relacionados seguidamente, presididos polo alcalde e asistidos do secretario titular, Alejandro Alonso Figueroa, que dou fe do acto.

### ASISTENTES

Alcalde: Antonio Deibe Sanmartín (PP)  
Concelleiros: Lucía Abeal Fuentes (PP)  
Sergio Nicolás Boado Seoane (BNG)  
María José Cal Álvarez (PSdeG-PSOE)  
Ramón José Dopico Martínez (PP)  
Juan Manuel Freire Golpe (PP)  
José Otero López (PP)  
Remigio Pérez Bao (PP)  
José Ángel Roca Díaz (PP)

### AUSENTES

Ningún

A sesión é aberta pola Presidencia ao obxecto de proceder ao exame, debate e votación dos asuntos da seguinte

## ORDE DO DÍA

1. APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR DO 30-7-2021. Pola Presidencia pregúntase se algún membro desexa formular algunha observación ou proposta de rectificación á redacción da acta da sesión anterior.

Por parte da sra. Cal (PSdeG-PSOE) anúnciase a súa postura de abstención, xa que segue ser corrixida a acta da sesión plenaria do 30-12-2020.

Aínda que se non hai alegacións procedería declarar directamente aprobada a acta anterior, convén neste caso someter a votación o asunto; polo tanto, sométese a votación ordinaria, co resultado de 8 votos favorables, 0 contrarios e 1 abstención (sra. Cal), polo que queda aprobada a acta da sesión extraordinaria de 30-7-2021.

2. MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL POPULAR CONTRA A INCLUSIÓN DO LOBO NO LISTADO DE ESPECIES PROTEXIDAS. Por parte do sr. Deibe (PP) procédese á defensa da moción, reproducindo os argumentos expostos na súa exposición de motivos; considera que o problema do lobro vai afectar a todos os gandeiros de Irixoa, xa que vai causando danos sen control e en aumento, e no termo de Irixoa xa veñen actuando varias manadas.

Por parte do sr. Boado (BNG) anúnciase a súa abstención, xa que a moción do PP expón cousas certas, pero tamén algunhas falsas, polo que a súa motivación é incerta; considera que esta moción non trata de dar unha solución ao problema, xa que se enmarca nunha loita política



# CONCELLO DE IRIXOA (A CORUÑA)

entre o PP e o PSOE, pero que os gandeiros son os que finalmente son prexudicados; critica o abandono do plan de xestión do lobo de Galicia, os pagos limitados e mal xestionados dos danos e considera que neste tema non estamos homologados con Europa; pide unha colaboración efectiva entre administracións e forzas políticas, rematando que sabemos os lobos que hai, pero non se pode facer todo o control nun momento, cando se deixou sen control durante anos.

A sra. Cal (PSdeG-PSOE) anuncia a súa abstención, xa que considera a moción pouco xustificada.

Tras un breve debate sométese o asunto a votación ordinaria, resultando aprobada, por maioría absoluta de 7 votos favorables e 0 votos contrarios e 2 abstencións (sr. Boado e sra. Cal), a seguinte **moción**:

## MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL POPULAR CONTRA A ORDE MINISTERIAL DE INCLUSION DO LOBO NO LISTADO DE ESPECIES EN RÉXIME DE PROTECCION ESPECIAL

O Grupo Municipal Popular no Concello de Irixoa de acordo co disposto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais desexa elevar ao Pleno a seguinte Proposta de MOCIÓN:

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O día 21 de setembro saíu publicada no BOE a Orde Ministerial pola que o lobo pasa a estar incluído no listado de especies en réxime de protección especial, o listado LESPRES.

Esta inclusión ven a supoñer na práctica que a partires de agora, o lobo deixe de ter a consideración de especie cinexética, polo que o seu control queda prohibido.

A consecuencia non é outra que cando se produzan danos, aínda que estean constatados, non se poderá autorizar ningún tipo de batida, espera ou acción de control similar.

Por outra banda, esta inclusión determina que o Plan de xestión do lobo de Galicia, deixa de estar en vigor, así como as axudas de prevención e danos que estaban contempladas no mesmo.

En todo caso e, tal como sinala e establece a Orde Ministerial, para que os gandeiros poidan ter dereito a algún tipo de axudas, deberán contar cun plan de prevención axustado ás medidas establecidas polo propio Ministerio de Transición Ecolóxica. Medidas incluídas nun catálogo tanto para o bovino como para o caprino e ovino, que fan na práctica inviables a meirande maioría das explotacións galegas.

Polo exposto, o Grupo Municipal Popular no Concello de Irixoa, presenta a seguinte PROPOSTA DE **ACORDOS**

- O pleno do Concello de Irixoa insta a Xunta de Galicia a interpoñer os recursos correspondentes ante os Tribunais aos efectos de que se anule a Orde Ministerial pola que se inclúe ao lobo no listado Lespre.

- O pleno do Concello de Irixoa insta ao Ministerio para a Transición Ecolóxica a que habilite axudas para subvencionar aos gandeiros a adopción das medidas de prevención establecidas no Catálogo aprobado por este Ministerio.

- O pleno do Concello de Irixoa insta ao Ministerio de Agricultura para que habilite axudas para paliar os danos que causen os lobos.

3. MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL POPULAR SOBRE MEDIDAS PARA A REBAIXA DO PREZO DA LUZ. Por parte do sr. Deibe (PP) procédese á defensa da moción, expli-



# CONCELLO DE IRIXOA (A CORUÑA)

cando os argumentos expostos na súa exposición de motivos; considera que o goberno non actúa coa necesaria eficacia, xa que outros produtos básicos (butano, gasóleo, etc.) Están sufrindo unha importante alza de prezos. Esta nova moción foi presentada con data do 29-9-2021, substituíndo á presentada previamente o 21-9-2021.

Prodúcese un debate sobre o baleiramento incontrolado e especulativo dos embalses de produción eléctrica, pero o sr. Deibe considera que é unha responsabilidade do goberno, xa que están baixo o control das confederacións hidrográficas competentes. Tamén expón o sr. Deibe que o goberno ten que potenciar e protexer o tecido produtivo, non cerrar térmicas, comparando que en Alemaña manterán as térmicas producindo durante moitos anos.

A sra. Cal (PSdeG-PSOE) anuncia o seu voto contrario, xa que considera o goberno está facendo as cousas ben para reducir os custes da luz, pero que esta suba ven motivada pola dependencia do gas, que non se menciona na moción.

Por parte do sr. Boado (BNG) anunciase a súa abstención, xa que é outro tema enmarcado na loita política entre o PP e o PSOE; comparte substancialmente a moción, pero considera necesario facer unha referencia ao problema do gas.

O sr. Dopico (PP) considera que a orixe deste problema está no cerramento das centrais térmicas, xa que o seu nivel de produción non pode ser compensado polo sistema eléctrico renovable, producindo o inevitable efecto inflacionista.

Por parte do sr. Roca (PP) considérase que as eléctricas teñen un problema de eficiencia con tantos ex-políticos en postos directivos, así como que este sector non está apostando por enerxías alternativas ao gas, que parecen viables e económicas, como a solar e a do hidróxeno.

Dado que a moción ven redactada en castelán, e vai ser instada a un órgano da administración central, non se procede a súa tradución na acta.

Tras o debate sométese o asunto a votación ordinaria, resultando aprobada, por maioría absoluta de 7 votos favorables e 1 voto contrario (sra. Cal) e 1 abstención (sr. Boado), a seguinte **moción**:

## MOCIÓN QUE PRESENTA EL GRUPO MIIMIFIDAL/PROVINCIAL POPULAR DEL AYUNTAMIENTO DE IRIXOA PARA INSTAR AL GOBIERNO DE ESPAÑA A PONER EN MARCHA DE MANERA URGENTE MEDIDAS PARA REBAJAR EL PRECIO DE LA LUZ

El Grupo Municipal Popular en el Ayuntamiento de IRIXOA, conforme a lo previsto en el Reglamento de Organización, Funcionamiento y Régimen Jurídico de las Entidades Locales, eleva al Pleno la siguiente Propuesta de Acuerdo/Moción:

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Durante este año, los españoles hemos asistido a una subida continuada y explosiva del precio de la luz hasta triplicar el precio registrado hace un año y, aunque esta subida no es exclusiva de nuestro país, la intensidad de los incrementos experimentados en España es única.

A comienzos de año, mientras medio país sufría las consecuencias de “Filomena, el gobierno de PSOE y Podemos que había prometido acabar contra la pobreza energética no tomo ninguna medida para atajar subidas que llegaron a ser del 20%.

Seis meses después, implantó una serie de medidas que no han tenido ningún efecto. A finales de junio el gobierno aprobó una insuficiente y temporal bajada de impuestos que solo será



# CONCELLO DE IRIXOA (A CORUÑA)

efectiva hasta septiembre (en el caso de la suspensión del Impuesto sobre el Valor de la Producción Eléctrica) y diciembre (en el caso de la reducción del IVA) respectivamente.

Antes habían entrado en vigor unas nuevas tarifas que el propio gobierno admitió que no iban a abaratar el precio de la luz, sino que se trataba de hacer un “ejercicio de pedagogía” y que realmente suponían un obscuro ejercicio de intervencionismo en la vida y en la capacidad de decisión de los españoles ya que el gobierno nos iba a decir en qué momento del día, principalmente de madrugada, había que usar la lavadora o el lavavajillas.

Y durante todo el verano hemos ido batiendo récords en el precio de la luz cada día mientras que el gobierno:

- ♦ primero utilizó la excusa de la Unión Europea (UE) para seguir sin hacer nada. Así, la Ministra Ribera llegó a afirmar que “Europa no quiere cambiar el modelo” de fijación de precios de la energía; afirmación que la UE desmintió un día después.

- ♦ y segundo, planteó la creación de una empresa pública para gestionar la energía a pesar de que las experiencias puestas en marcha por los gobiernos populistas de Barcelona o Cádiz en nuestro país, así como las experiencias internacionales, nos demuestran que una empresa pública no abarataría la factura de la luz e incluso podría agravar el problema.

Todo ello para no actuar sobre aquellos aspectos que configuran el precio de la luz y sobre los que si tiene competencia directa puesto que el intervencionismo gubernamental es responsable de un 56,61% del coste de la factura (43,06% se debe a costes regulados y un 13,55% a los impuestos aplicados).

Dentro de los costes regulados, los incentivos a las energías renovables, que suponen un 39,44%; otro 40,33% se debe a los costes de redes de distribución y otro 20,23% a costes entre los que se encuentra el déficit tarifario anual.

Si hablamos de los impuestos, un 32,62% lo genera el Impuesto sobre el Valor de la Producción de la Energía Eléctrica y un 67,38% se debe al IVA reducido del 10%.

A este respecto, el Partido Popular ha presentado en el Congreso de los Diputados hasta seis propuestas con medidas concretas para rebajar la factura de la luz en los últimos meses. Todas ellas han sido rechazadas por el gobierno de España y sus socios parlamentarios.

Por todos estos motivos, y ante la inacción y las mentiras del gobierno de España respecto a la escalada del precio de la luz que no sólo lastra la economía personal y familiar de los españoles (ya especialmente dañada por los efectos de la pandemia) sino que también ha provocado la mayor subida de los precios en una década y pone en peligro la viabilidad de muchas empresas, el Grupo Municipal Popular en el Ayuntamiento de IRIXOA presenta la siguiente:

## **PROPUESTA DE ACUERDO**

Instar al Gobierno de España a poner en marcha, de manera urgente, las siguientes medidas para rebajar la factura de la electricidad contenidas en la Proposición de Ley registrada por el Partido Popular el pasado 7 de septiembre en el Congreso de los Diputados y que contribuirían a reducir la factura de la luz un 20%:

- 1- rebajar el tipo de gravamen del Impuesto sobre el Valor de la Producción de Energía Eléctrica del 7% al 0%, modificando para ello el Artíc. 8 de la Ley 15/2012 de medidas fiscales para la sostenibilidad energética.

- 2- aumentar hasta los 2.000 millones € el límite a ingresar al sistema eléctrico procedente e las subastas de los derechos de emisión de CO<sub>2</sub>, modificando el apartado b) de la Disposición adicional segunda de la Ley 15/2012 de medidas fiscales para la sostenibilidad energética, para actualizarlo a los ingresos que realmente se obtienen y compensar la reducción de la recaudación del Impuesto sobre el Valor de la Producción de Energía Eléctrica.



# CONCELLO DE IRIXOA (A CORUÑA)

3- manter el tipo de IVA aplicable a la electricidad en el 10% de manera indefinida, modificando el Artíc. 91.1- Apartado Uno de la Ley 37/1992 del Impuesto sobre Valor Añadido para incluir la energía eléctrica como bien al que se aplica el tipo reducido de este impuesto.

4- modificar la Ley 24/2013 del Sector Eléctrico para, entre otros aspectos, que determinados costes regulatorios que se trasladan a la factura eléctrica como las anualidades de la deuda del sistema eléctrico y los gastos derivados de la actividad de producción de energía eléctrica en los sistemas eléctricos aislados de los territorios no peninsulares, sean financiados íntegramente con cargo a los Presupuestos Generales del Estado.

4. MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PSDEG-PSOE SOBRE MELLORA DA COBERTURA DE TELEFONÍA MÓBIL E TELEVISIÓN. Por parte da sra. Cal (PSdeG-PSOE) procédese á defensa da moción, considerando os argumentos expostos na súa exposición de motivos, en especial que afecta ás necesidades das persoas maiores e é un problema permanente e que afecta a todas as parroquias; informa que sobre a cobertura contactou por teléfono coa Xunta, onde lle recoñeceron que existen zonas escuras no concello e que a Xunta ten competencias no asunto; considera que non se pode obrigar ao vecindario a instalar unha parabólica..

Por parte do sr. Deibe (PP) expónse que o 1º punto de acordo da moción, sobre a medición das coberturas, nun traballo feito antes de a sra. Cal entrara de concelleira. Facían falta 2 repetidores móbiles e un xa foi colocado en Cendá, mentres outro ía ser instalado en Verís altos, pero tivo que ser trasladado a Santa Juliana (Monfero); logo constatouse a necesidade dun repetidor para Cela, que está pendente de xestión na Xunta. En relación ao plan de cobertura do 5G, tamén está realizado un estudo detallado pola xunta de Galicia. Considera que a liberación da banda de 5G dende a telefonía para sinal de TV supón moitas dificultades técnicas, que se van mater certo tempo e non van ter fácil solución. Para que o grupo do PP vote a favor, propón engadir un 4º punto de acordo, relativo á aceleración dos plans de telefonía no Ministerio de Transición Ecolóxica.

O sr. Freire (PP) indica que en Coruxou non hai problema de coberturas, se acaso exceso de potencia das emisoras, que a antena de TV enfócase ao repetidor de Feás, que está cercana e non ten obstáculos.

Tras o debate sométese o asunto a votación ordinaria, resultando aprobada, por maioría de 2 votos favorables, 0 votos contrarios e 7 abstencións (sra. Abeal e sres. Deibe, Dopico, Freire, Otero, Pérez e Roca), a seguinte **moción**:

Moción que presenta o Grupo Municipal do PSdG-PSOE IRIXOA

O Grupo Municipal do PSdG-PSOE de Irixoa, desexa someter a consideración do Pleno a seguinte MOCIÓN:

## EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A veciñanza do concello de Irixoa ven padecendo dende hai tempo, deficiencias graves na cobertura da sinal de telefonía móbil en practicamente todo o territorio municipal, e tamén, unha moi escasa cobertura da sinal de televisión.

Este grupo municipal, ten trasladado as queixas das nosas veciñas e veciños aos servizos de avarías, sendo a resposta recibida que o problema non é unha avaría, se non unha cobertura deficitaria que debe subsanarse mediante a correspondente inversión nas infraestructuras necesarias.



# CONCELLO DE IRIXOA (A CORUÑA)

A pesar das queixas reiteradas da veciñanza ás empresas e entidades xestoras dos servizos, non se te producido ningún tipo de melloría. Os veciños e veciñas de Irixoa deron tamén traslado das súas queixas a este goberno municipal, que non ten atendido as súas demandas nin buscado solución para esta petición.

É evidente que para as persoas que viven nos pequenos núcleos rurais do concello de Irixoa, a cobertura do sinal de televisión é importante, pero máis importante é aínda o poder dispor de unha suficiente cobertura de sinal de telefonía móbil por todo o que implica en termos de calidade de vida, de non discriminación da poboación, e incluso de facer accesibles os servizos básicos que, en moitos casos, actualmente se prestan de xeito telefónico ou vía correo electrónico, webs e outras ferramentas asociadas as novas tecnoloxías.

Dende o Grupo Socialista estamos especialmente preocupados polas persoas de maiores, por aquelas que viven soas e para as que dispoñer ou non de unha boa cobertura de telefonía, supón ter ou non ter a capacidade de pedir axuda en caso de emerxencia.

Pero tamén estamos preocupados por todos os pequenos proxectos de emprendemento que temos no noso rural, ou pola xente que opta por teletraballar e que, a día de hoxe, non dispón dunha ferramenta básica para sacar adiante o seu traballo, que é dispoñer dunha rede suficiente de telefonía que permita un acceso digno ao mundo dixital/virtual.

Finalmente, non estamos falando de un problema puntual no tempo, ou puntual no espazo: todas as parroquias do concello están afectadas en maior ou menor medida por estas carencias de cobertura durante todo o ano; polo que estamos perdendo a oportunidade de fixar poboación no noso rural, e de ofrecer servizos de calidade aos veciños e veciñas de Irixoa.

Por todo elo, dende o Grupo Municipal do PSdG PSOE de IRIXOA, propoñemos a este pleno a adopción dos seguintes **acordos**:

1. Que o concello faga de xeito inmediato unha avaliación dos niveis de cobertura tanto de telefonía móbil como de televisión nas distintas parroquias do concello.
2. Actuar de xeito inmediato na implantación das infraestruturas necesarias para un correcto funcionamento dos servizos de telefonía e televisión.
3. Solicitar de maneira urxente a actuación da Xunta de Galicia, no ámbito das súas competencias, para mellorar a calidade das infraestruturas proveedoras de estes servizos para o concello de Irixoa.

En quenda de explicación de voto o sr. Deibe (PP) xustifica a súa abstención en que o concello xa actuou para detectar fallos de coberturas e buscar solucións, tanto en telefonía móbil coma en TV (colaboración con RETEGAL, empresas telefónicas, etc.).

5. MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL POPULAR SOBRE MEDIDAS PARA FACILITAR A COBERTURA DE PERSOAL MÉDICO NA ATENCIÓN PRIMARIA. Por parte do sr. Deibe (PP) procédese á defensa da moción, expoñendo os argumentos da súa exposición de motivos; considera que con este problema a asistencia sanitaria primaria está comprometida polos atrancos na cobertura de postos, poñendo como exemplo o centro de saúde de Monfero, onde faltan médicos.

Por parte do sr. Boado (BNG) considérase que os topes e as trabas ao MIR veñen creando problemas de cobertura de sanitarios, pero que veñen arrastrándose dende os anos de goberno do PP.

O sr. Dopico (PP) considera que a orixe deste problema está no cerramento das centrais térmicas, xa que o seu nivel de produción non pode ser compensado polo sistema eléctrico renova-



# CONCELLO DE IRIXOA (A CORUÑA)

ble, producindo o inevitable efecto inflacionista; propón ampliar a moción cun novo punto, aspecto que é rexeitado polo sr. Deibe.

Por parte do sr. Roca (PP) considérase que as eléctricas teñen un problema de eficiencia con tantos ex-políticos en postos directivos, así como que este sector non está apostando por enerxías alternativas ao gas, que parecen viables e económicas, como a solar e a do hidróxeno.

Tras o debate sométese o asunto a votación ordinaria, resultando aprobada, por maioría absoluta de 8 votos favorables, 0 votos contrarios e 1 abstención (sra. Cal), a seguinte **moción**:

## MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL POPULAR PARA INSTAR AO GOBERNO A FACILITAR A COBERTURA DE PERSOAL MEDICO NA ATENCION PRIMARIA

O Grupo Municipal Popular no concello de IRIXOA, con arreglo ao disposto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais desexa elevar ao Pleno Municipal a seguinte Proposta de MOCION:

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No ano 2017, o 'Estudo sobre Demografía Médica elaborado pola Organización Médica Colexial e o Consello Xeral de Colexios Oficiais de Medicina arroxaba unhas conclusións contundentes:

- *“Se está formando una bolsa de médicos sin especialidad que no pueden trabajar en el SNS y que, a pesar de superar la nota de corte del MIR, se quedan fuera”.*
- *“De continuar este desajuste, miles de médicos se quedarán cada año sin poder acceder a una plaza de formación sanitaria especializada (imprescindible para trabajar en el Sistema Nacional de Salud) y tras acabar la carrera se verán abocados al sector privado, el paro o la emigración”*
- *“Por otro lado, en los próximos años se producirán un importante número de jubilaciones que necesitarán ser cubiertas por nuevos especialistas”*

Froito de advertencias como estas, reiteradas por parte de organizacións profesionais e xestores sanitarios, o Goberno de Mariano Rajoy creou un grupo de traballo sobre déficit de profesionais cuxas conclusións se expuxeron ao Consello Interterritorial do Sistema Nacional de Saúde a comezos do 2018.

Como resultado este estudo, o pleno do Consello Interterritorial do 24 de abril de 2018 adoptou diversos acordos como:

- Revisar os requisitos de acreditación de centros e unidades docentes nas especialidades de medicina de familia e pediatría de atención primaria.
- Modificar a Lei de ordenación das profesións sanitarias, para establecer un procedemento máis áxil e flexible para acreditar centros e unidades docentes para a formación sanitaria especializada.
- Modificar a Lei do Estatuto Marco do persoal estatutario dos servizos de saúde para incentivar a provisión de prazas de difícil cobertura.
- Ademais, contábase con ter a finais de 2018 completado o Rexistro Estatal de Profesionais Sanitarios e poder, a través del, realizar un estudo de necesidades de especialistas a nivel nacional.

Pouco menos dun mes e medio despois deses acordos, aprobados por unanimidade, tamén por gobernos autonómicos socialistas, o PSOE accedía ao Ministerio de Sanidade.

Desde entón pasaron xa tres anos e catro ministros pero non hai ningún avance en ningún destes temas que todas as Comunidades Autónomas, en abril de 2018, consideraron que correspondía ao Goberno de España resolver.

A pesares das dificultades que o sistema ofrece para acreditar centros e atopar titores, a Xunta de Galicia foi incrementando progresivamente as prazas de formación sanitaria especializada



# CONCELLO DE IRIXOA (A CORUÑA)

ofertada ata levar xa varios anos cubrindo o 100% das prazas que o Ministerio acredita para a formación de especialistas en medicina familiar e comunitaria ou pediátrica de atención primaria. Unha formación cuxo financiamento é asumido de xeito íntegro pola comunidade autónoma.

Por outra banda, máis alá da formación de novos profesionais na medicina está a estabilización das prazas dos que están actualmente en exercicio, unha estabilización que está fortemente obstaculizada polo mantemento de límites nas taxas de reposición de emprego público por parte do Goberno de España.

Galicia solicitou reiteradamente en todos os foros institucionais en materia de Función Pública a eliminación das taxas de reposición, porque son o factor que determinou a situación de alta temporalidade no emprego público. Lamentablemente, o Goberno central decidiu mantelas.

Ademais Galicia foi a única comunidade que presentou unha proposta formal ao Goberno central de reforma do Estatuto Básico do Emprego Público para eliminar as taxas de reposición e, ademais, habilitar a oferta anticipada das prazas que se prevé que quedarán de vacantes previstas nos próximos dous anos para que os empregados públicos que se xubilan sexan relevados por persoal fixo. Esta proposta tampouco foi aceptada polo goberno.

Desde a Xunta de Galicia tense reiterado esta solicitude aos distintos gobernos centrais. No 2014 solicitouse por carta aos ministros Cristóbal Montoro e Ana Mato o incremento ata o 50% de ese límite. En decembro de 2016 trasladouse á ministra Dolores Montserrat unha serie de temas prioritarios para Galicia encabezada pola eliminación dos límites na taxa de reposición, unha solicitude que foi repetida posteriormente ante as catro persoas que ocuparon o Ministerio de Sanidade desde que Pedro Sánchez é Presidente do Goberno.

Na última ocasión, remitiuse á Ministra Carolina Darias un acordo acadado por unanimidade no Parlamento de Galicia o 14 de novembro de 2020 a raíz dunha moción, precisamente, do Grupo Socialista e na que se lembraba que tamén as conclusións da Comisión de Reconstrución creada no Congreso incluían esta recomendación. O ditame en materia de Sanidade, aprobado no Pleno do Congreso do 22 de xullo de 2020 cos votos favorables de PP, PSOE, Unidas Podemos e Ciudadanos e cos votos en contra de VOX e dos nacionalistas (incluído o BNG) recollía a recomendación de “Eliminar la tasa de reposición de efectivos para así terminar con la precariedad laboral”.

A pesares desta posición maioritaria do Congreso, do acordo unánime do Parlamento de Galicia e das reiteradas peticións da Xunta e doutros gobernos autonómicos, o Goberno de Sánchez mantivo, nos Orzamentos Xerais do Estado para 2021 unha taxa de reposición que impide ás administracións sanitarias convocar todas as súas prazas vacantes.

Malia o contexto económico dos últimos anos, o Servizo Galego de Saúde, en cumprimento do compromiso de dotar de estabilidade aos seus cadros de persoal, publicou ininterrompidamente desde o 2012 un novo decreto de oferta de emprego público cada ano, esgotando sempre a taxa máxima de reposición de efectivos autorizada en cada momento pola lexislación básica do Estado, cunha oferta total de 8.112 prazas nestes anos, priorizando ademais a convocatoria nas categorías que traballan en atención primaria.

É dicir, a Xunta de Galicia convocou todas as prazas de persoal sanitario que lle permitiu o Goberno de España en cada momento mentres que o actual Goberno de España, conformado por partidos que levaban anos pedindo a supresión dos límites ás taxas de reposición de efectivos no eido sanitario, continúan a mantelas, impedindo a convocatoria de novas prazas.

Nese escenario, a combinación da escaseza de novos especialistas incorporados mediante formación especializada coa limitación da dotación de prazas derivada dos límites nas taxas de reposición provocan unha carencia de persoal médico especialista dispoñible que dificulta de xeito moi notable, no inmediato, o reforzo de prazas e a cobertura de substitucións ou vacacións pero, o que é aínda máis grave, que compromete a medio e longo prazo a asistencia





# CONCELLO DE IRIXOA (A CORUÑA)

sanitaria da nosa poboación, especialmente no que se refire a especialidades deficitarias como medicina familiar e comunitaria e pediatría de atención primaria.

Polo exposto, o Grupo Municipal Popular no concello de IRIXOA, presenta a seguinte:

## PROPOSTA DE ACORDOS

1.- Solicitar ao Goberno de España unha habilitación, de forma extraordinaria, dos centros de saúde necesarios para que teñan a consideración de centros acreditados para a formación, así como aos profesionais especialistas en Medicina Familiar e Comunitaria precisos para que poidan actuar como titores na formación de residentes.

2.- Solicitar ao Goberno de España unha convocatoria extraordinaria de prazas MIR que permita incorporar máis profesionais ao noso sistema sanitario e resolver o déficit de médicos en primaria e á Xunta de Galicia que cubra a totalidade desas prazas acreditadas e financie o 100% destas prazas con cargo aos seus orzamentos.

3.- Esixir ao Goberno de España que, máis aló destas medidas extraordinarias, cumpra os acordos do Consello Interterritorial do Sistema Nacional de Saúde de abril do ano 2018 relativos ás reformas estruturais precisas para flexibilizar e axilizar o procedemento de acreditación de unidades docentes e os seus requisitos, permitindo a formación anual de máis profesionais especialistas.

4.- Esixir ao Goberno de España que cumpra os acordos do Pleno do Congreso dos Deputados e do Parlamento de Galicia sobre a necesaria eliminación das limitacións impostas para as taxas de reposición de efectivos nos sistemas sanitarios públicos Autonómicos.

5.- Dar traslado destes acordos ao Goberno de España, á Xunta de Galicia, ao Congreso dos Deputados e ao Parlamento de Galicia.

6. MOCIÓNS DE URXENCIA: Ningún grupo formula ningunha moción de urxencia.

7. ROGOS. Non se formulan.

8. PREGUNTAS. . Na quenda de preguntas fórmulanse as seguintes:

1. O sr. Boado (BNG) pregunta se o concello fixo algunha xestión para arranxar o badén na estrada provincial á entrada de Pazo de Irixoa; considera que as súas características supoñen un perigo de deterioro para os tractores e a saúde dos tractoristas; considera excesivas as restricións no tráfico da estrada DP-0905, xa que actualmente tárdase dende Verís altos a Betanzos (centro comarcal) 30 minutos, mentres que dende o mesmo sitio a Lugo capital 35 minutos, polo que algo está fallando.

O sr. Deibe (PP) contesta que a Alcaldía esforzouse en anticipar a situación do badén mínimo 10 metros antes, pero que a Deputación tiña o asunto pechado, argumentando que a situación exacta fóra decidida polo enxeñeiro. Explica que esta actuación veu derivada dos escritos de reclamación de moitos veciños, remitida simultaneamente á Deputación, a Tráfico e ao concello.

O sr. Roca (PP) considera que sería necesaria unha moción de urxencia para que o Pleno reclame á Deputación as correccións oportunas.



# CONCELLO DE IRIXOA (A CORUÑA)

Non obstante, interveñen outros corporativos que manifestan que se a Deputación tiña que facer algunha actuación, para atender a reclamación dos veciños, a solución adoptada é a máis conforme cos intereses veciñais.

2. A sra. Cal (PSdeG-PSOE) pregunta polo número de usuarios do servizo de axuda no fogar.

Contesta o sr. Deibe que chegou a haber 42 usuario/as e actualmente non hai case lista de espera; esta cifra baixou polo falecemento de varios usuarios e espera que a nova traballadora social se adapte ao posto para ir incorporando novos usuarios dende a lista de espera.

3. A sra. Cal pregunta polas deficiencias do valado do depósito de Cendá.

Contesta o sr. Deibe que a malla do valado deste depósito agro-forestal de Lapidó xa foi arranxado varias veces, posto que é danada polos tractores; descoñécese quen foi o autor da última rotura desta malla, pero que vai ser arranxada.

4. O sr. Boado pregunta como está a xestión da recollida de plásticos agrícolas, xa que parece que quedou pendente na sesión da Xunta de Goberno Local do 16-9-2021; considera que a solución máis axeitada é instar á Xunta de Galicia para asumir os custes.

Contesta o sr. Deibe que hai poucas empresas homologadas para realizar este servizo; a anterior empresa cobraba 100 € por tonelada (máis IVE), asumidos en exclusiva polo concello; agora está sobre da mesa unha proposta doutra empresa cun orzamento de 108 € por tonelada (máis IVE); manifesta que se vai manter o servizo pero que é preciso consultar a máis empresas e buscar algunha vía de financiamento.

Prodúcese un debate sobre o tema, no que intervén o sr. Freire (PP) para expoñer que lle parece lóxico que sexan as cooperativas que venden o plástico as que xestionen a súa retirada ou, polo menos, o seu financiamento.

Sendo as catorce horas e quince minutos, e non habendo máis asuntos que tratar, a Presidencia levanta a sesión da cal eu, Secretario, estendo a presente acta coa que dou fe da mesma.

O SECRETARIO

Visto e prace  
O ALCALDE